



Nado en Cee en 1965, **Miro Villar** é Doutor en Teoría da Literatura e Literatura Comparada ademais de profesor de lingua e literatura galegas, poeta, narrador, tradutor e crítico literario para diversas revistas. É un dos nomes máis salientables que fixeron parte do Batallón Literario da Costa da Morte, o célebre colectivo poético tan activo nos anos noventa.

Como poeta debutou en 1992 con *Ausencias pretéritas*, ao que seguiron *42 décimas de febre* (1994), *Abecedario da desolación* (1997; premio Tívoli-Europa 1998), *Equinoccio de primavera* (1998; finalista do premio Tívoli-Europa 1999), *Gameleiros* (2002), *As crebas* (2011; premio Concello de Carral 2010) e *Breizh* (2012). Os seus poemas figuran en numerosas revista literarias así como en varias antoloxías, e foron traducidos a linguas coma o castelán, portugués, italiano, francés, alemán, inglés, ruso, albanés e serbo-croata. Tamén prosista e autor de literatura infanto-xuvenil, nesta última faceta acadou o Premio Ánxel Casal da Asociación Galega de Editores, mentras que, como narrador, recibiu nos anos 1985 e 1987 o premio de relato curto Modesto R. Figueiredo, entre outros. É tamén autor de ensaios e dunha chea de edicións críticas ou comentadas, o que se suma a outros traballos como estudoso da literatura. A súa bitácora persoal, [www.crebas.blogaliza.org](http://www.crebas.blogaliza.org), foi Premio da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega ao mellor blog literario no 2012.

#### AS SABAS A CLAREO

*Recordar sempre doe, porque aínda que laves con lixivia as sabas nunca branquea a dor que impregna cada engurra do algodón dos abrazos e segues os consellos que escoitaches da nai para a roupa encoirada, darlle xabón lagarto e logo deitar na herba as sabas a clareo.*

*Agardas unha tarde, non de sol formigueiro, de sol de primavera nunha herba soalleira e deitas os recordos de manchas amarelas, prendidos entre as sabas como piolla vella.*

*E observas con asombro que a túa nai coñece os segredos da vida e agora no tendal penduras a memoria branca e o seu recendo asolaga os recantos dos teus espazos íntimos.*



(MIRO  
VILLAR)

Luns **14** de decembro  
20:30

ÁGORA

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

POETAS  
DI(N)VERSOS



*Ana Blandiana*





**Ana Blandiana** é o pseudónimo literario de Otilia Valeria Rusan, nada en Timisoara e hoxe convertida na poeta máis internacional de Romanía. Autora de vinte e seis libros de poemas, relatos, novela e ensaio escritos orixinalmente en romanés, son xa corenta e seis obras as que ten traducidas ata a vinte e catro linguas distintas. Constituindo unhas das consciencias artísticas e cívicas máis importantes da súa contorna, Blandiana é unha figura lexendaria das Letras Romanesas contemporáneas.

Destacada opositora ao réxime de Ceaucescu, e mesmo se os seus poemas circulaban en miles de exemplares de maneira clandestina, os seus libros estiveron prohibidos no seu país dende 1959 ata 1964, e tamén en boa parte da segunda metade dos anos oitenta. Así, foi no exterior que recibiu o recoñecemento merecido, acadando prestixiosos galardóns literarios internacionais.

Dende 1989 e tras da caída do comunismo en Romanía, ademais de refundar e presidir o PEN Club, botou tamén a andar a Fundación Academia Cívica que, baixo a súa presidencia, contribuíu á democratización do país e erixiu un memorial polas vítimas baixo o patrocinio do Consello de Europa. Membro da Academia de Poesía Stephane Mallarme, da Academia Europea de Poesía e da Academia Internacional de Poesía da UNESCO, Ana Blandiana é tamén Chevalier de la Legion d'Honneur, a máis alta distinción da República Francesa.

### **IGREXAS FECHADAS**

*Igrexas fechadas  
como casas cuxos donos partiron  
sen dicir por canto tempo  
nin deixar enderezo ningún.  
Corren tranvías e bicicletas  
pola cidade arriba e abaixo.  
Berros, bucinas,  
os habitantes apresurados  
compran e venden, compran e venden,  
comen de pé  
e, moi de cando en vez,  
sentan a tomar café  
nunha terraza  
a carón dunha catedral do século XI  
á que miran sen ver  
porque andan a falar por teléfono  
e nin se lles ocorre preguntar  
quen foi que viviu  
algún día, hai moito tempo,  
nunha casa tan grande.*



## **(ANA BLANDIANA)**

Luns **14** de decembro  
20:30

**ÁGORA**

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

## **POETAS DI(N)VERSOS**



*Miro Villar*

